Boletín Oficial
Provincia de Ourense

N.º 58 · Sábado, 11 marzo 2017 *Dep. legal:* OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO
Confederación Hidrográfica do Miño-Sil
Comisaría de Augas. Ourense
Información pública de solicitude de concesión dun aproveitamento de augas, expediente: A/32/19360 2

IV. ENTIDADES LOCAIS
Monterrei
Bases reguladoras da convocatoria de axudas por nacemento ou adopción de fillos e fillas no Concello de Monterrei durante o exercicio 2017 2
Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a asociación do Concello de Monterrei para o exercicio 2017 10

V. TRIBUNAIS E XULGADOS
Xulgado do Social n.º 2 de Ourense
Notificación de resolución a Segur Euskal, SL, no procedemento execución de títulos xudiciais 184/2016 30
Notificación de resolución a Limia Céspedes, SL, no procedemento despedimento/cesamentos en xeral 9/2017 31

II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO
Confederación Hidrográfica del Miño-Sil
Comisaría de Aguas. Ourense
Información pública de solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas, expediente: A/32/19360 2

IV. ENTIDADES LOCALES
Monterrei
Bases reguladoras de la convocatoria de ayudas por nacimiento o adopción de hijos e hijas en el Ayuntamiento de Monterrei durante el ejercicio 2017 6
Bases reguladoras de la convocatoria de subvenciones a asociaciones del Ayuntamiento de Monterrei para el ejercicio 2017 20

V. TRIBUNALES Y JUZGADOS
Juzgado de lo Social n.º 2 de Ourense
Notificación de resolución a Segur Euskal, SL, en el procedimiento ejecución de títulos judiciales 184/2016 30
Notificación de resolución a Limia Céspedes, SL, en el procedimiento despido/ceses en general 9/2017 31

II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO
II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

Comisaría de Augas

Ourense

Información pública

Expediente: A/32/19360

Asunto: solicitude de concesión dun aproveitamento de augas.

Peticionario: Ayuntamiento de Petín.

NIF n.º: P 3206100D

Domicilio: rúa do Barcelo, 7, 32356 Petín (Ourense).

Nome do río ou corrente: regato de Olivedo.

Caudal solicitado: 0,25 l/s.

Punto de localización:

Termo municipal e provincia: Petín (Ourense).

Destino: abastecemento.

Coordenadas (UTM-ETRS89)

X =6590410 Y = 4693811

Breve descrición das obras e finalidade:

Aproveitamento de 0,25 l/s de auga para derivar do regato "Olivedo" en San Paio, termo municipal de Petín (Ourense). As augas captadas son conducidas, mediante tubaxe, ata un depósito regulador desde onde se distribúen ás vivendas do núcleo de San Paio.

Publícase isto para coñecemento xeral por un prazo de 30 días, contados a partir do seguinte á data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, co fin de que os que se consideren prexudicados co solicitado poidan presentar as súas reclamacións, durante o indicado prazo, no Concello de Petín ou na Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (Comisaría de Augas, rúa do Progreso, 6, 32071 Ourense), onde estará de manifesto o expediente.

O xefe do servizo. Asdo.: José Alonso Seijas.

Confederación Hidrográfica del Miño-Sil

Comisaría de Aguas

Ourense

Información pública

Expediente: A/32/19360

Asunto: solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas.

Peticionario: Ayuntamiento de Petín.

NIF n.º: P 3206100D

Domicilio: calle do Barcelo, 7, 32356 Petín (Ourense).

Nombre del río o corriente: arroyo Olivedo.

Caudal solicitado: 0,25 l/s.

Punto de emplazamiento:

Término municipal y provincia: Petín (Ourense).

Destino: abastecimiento.

Coordenadas (UTM-ETRS89)

X =6590410 Y = 4693811

Breve descripción de las obras y finalidad:

Aprovechamiento de 0,25 l/s de agua a derivar del arroyo "Olivedo" en San Paio, término municipal de Petín (Ourense). Las aguas captadas son conducidas, mediante tubería, hasta un depósito regulador desde donde se distribuyen a las viviendas del núcleo de San Paio.

Esto se publica para general conocimiento por un plazo de treinta días, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Petín o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Progreso, 6, 32071 Ourense), donde estará de manifiesto el expediente.

El jefe del servicio. Fdo.: José Alonso Seijas.

R. 564

IV. ENTIDADES LOCAIS
IV. ENTIDADES LOCALES

Monterrei

Edicto

Anuncio de convocatoria pública de axudas por nacemento ou adopción de fillos e fillas no concello de Monterrei durante o exercicio 2017, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro de 2017:

Bases reguladoras da convocatoria de axudas por nacemento ou adopción de fillos e fillas no concello de Monterrei durante o exercicio 2017.

Primeira. Obxecto e finalidade

É obxecto destas bases é regular as condicións e réxime xurídico para a concesión de subvencións por nacemento de fillo/a, adopción e acollemento no concello de Monterrei.

A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico a aquelas familias nas que se produza o nacemento, adopción ou acollemento dun novo membro da unidade familiar, para contribuír a atender as necesidades extraordinarias que sobreveñen.

Tamén se trata de incentivar o asentamento da poboación no noso concello.

Para a consecución desta finalidade, o Concello de Monterrei dotou crédito polo importe de 2.500,00 € na aplicación orzamentaria 231.480 do seu orzamento para o ano 2017.

Segunda. Natureza da axuda

As axudas que se outorguen conforme a este regulamento teñen a natureza de subvención directa, conforme ao establecido no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións e nas bases de execución do orzamento vixente.

Cada nacemento ou cada adopción que cumpra os requisitos desta norma será obxecto dunha axuda de 300 €.

O aboamento da citada cantidade efectuarase nun pagamento único cando se resolva favorablemente a súa solicitude e será compatible con calquera outra axuda que se perciba por este motivo, procedente doutras administracións.

Terceira. Beneficiarios

Serán beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases:

1. Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito ou familias monoparentais que tivesen descendencia no ano 2017, sempre que cumpran os demais requisitos esixidos para o seu recoñecemento. Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será aquel

que teña a custodia dos fillos, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.

2. Os adoptantes ou acolledores de nenos de ata 6 anos que obtivesen a resolución xudicial no ano 2017, sempre que cumpran os demais requisitos esixidos para o seu recoñecemento.

Se os solicitantes fosen estranxeiros, poderán solicitar a axuda os que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

Cuarta. Requisitos para obter a subvención

- Ser español ou estranxeiro con residencia legal en España.

- Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que os beneficiarios residan no municipio con carácter definitivo e acreditado neste concello (polo menos un dos dous proxenitores, no caso de familias monoparentais. Enténdese por familia monoparental a formada pola nai ou polo pai que convive co fillo ou filla e constitúe o sustentador único da familia e acreditarase mediante a documentación do xulgado sobre pensión de alimentos ou exercicio de accións legais para a obtención desta, sentenza de separación/divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais).

- Os beneficiarios deberán acharse ao corrente nas obrigas tributarias con Facenda do Estado, da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Monterrei, cuestión esta última que será comprobada de oficio.

- Que os nenos convivan co solicitante, e que o Concello de Monterrei sexa o primeiro empadroamento.

- Que os ingresos brutos da unidade familiar non superen os 30.000 €.

Quinta. Obrigas dos beneficiarios

Será requisito para o pagamento efectivo da axuda que as persoas beneficiarias se comprometan, mediante documento asinado para o efecto a continuar empadroadas no municipio durante polo menos un ano posterior ao nacemento, adopción ou acollemento.

Será documento acreditativo do cumprimento do disposto neste apartado o certificado de empadroamento e convivencia da unidade familiar.

Os beneficiarios están obrigados a comunicarlle ao concello calquera circunstancia que modifique as condicións para a obtención da subvención e a reintegrar a contía concedida cando se incumpra o compromiso adquirido pola súa obtención.

O réxime xurídico do reintegro de subvencións será o establecido no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta. Contía da subvención

Cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice será obxecto dunha axuda de 300 €.

Sétima. Prazo para solicitar a axuda

O prazo de presentación de solicitudes será durante o ano 2017 e xaneiro de 2018.

Oitava. Documentación

A solicitude e a documentación presentarase nas oficinas municipais, sen prexuízo do disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2016, de 26 de novembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O impreso de solicitude (Anexo I) poderá obterse nas oficinas do Concello de Monterrei ou na páxina web municipal (www.monterrei.es).

A solicitude de subvención irá subscrita por ambos os dous proxenitores (ou por un no caso de familias monoparentais), acompañada da seguinte documentación:

1. Fotocopia compulsada do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.

2. Fotocopia compulsada do libro de familia.

3. Nos supostos de adopción ou acollemento, ou titoría legal do menor, documentación compulsada acreditativa.

4. Certificado de empadroamento no que consten, no mesmo domicilio, a primeira alta dos recentemente nados ou a alta dos adoptados e a acreditación de que todos os demais membros da unidade familiar residían en Monterrei con anterioridade ao nacemento ou formalización da adopción.

5. Certificación de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6. Fotocopia compulsada da declaración do IRPF de todos os membros da unidade familiar ou, de non ser o caso, certificado negativo de Facenda.

Poderanse solicitar xustificantes económicos de todos os membros da unidade familiar, referidos ao período computable: nóminas, contratos de traballo, recibos de pensións, certificados de vida laboral, certificados negativos de pensións e prestacións, recibos de cotas de pagamento á Seguridade Social...ou calquera documentación que corresponda a cada caso e que xustifique a situación económica.

7. Certificado da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.

8. Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso.

9. Compromiso dos beneficiarios da axuda e do nado/a de permanecer empadroados no municipio durante polo menos un ano posterior ao nacemento, adopción ou acollemento.

Novena. Exame das solicitudes

Unha vez revisadas as solicitudes, se non estivesen debidamente cubertas ou non se presentase a documentación solicitada polo concello, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, se entenderá que desiste da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décima. Resolución

Os expedientes serán avaliados polos servizos sociais, con base no establecido nesta norma, e posteriormente resoltos polo alcalde no prazo dun mes.

Décimo primeira. Responsabilidades

Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda ou, no caso de tela percibido xa, á devolución desta cos xuros legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puidesen esixir.

Disposición final.

Para o non previsto nesta bases ateranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

Monterrei, 9 de febreiro de 2017. O alcalde.

Asdo.: José Luis Suárez Martínez.

ANEXO I

Solicitude de axudas por nacemento/adopción de fillo/a no concello de Monterrei durante o ano 2017

Datos do proxenitor 1/adoptante/acolledor beneficiario

Nome			
DNI		Teléfono	
Enderezo para notificación			
Localidade			

Datos do proxenitor 2/adoptante/acolledor beneficiario

Nome			
DNI		Teléfono	
Enderezo para notificación			
Localidade			

Fillo/a nado/a ou adoptado/a, acollido/a

Nome a apelidos	
Data de nacemento/adopción/ acollemento	

Situación dos proxenitores

❑ Matrimonio	❑ Separación/divorcio	❑ Unións de feito	❑ Monoparental

❑ Autorizo ao Concello de Monterrei a solicitar os datos necesarios relativos ao empadroamento

Solicitan que lles sexa concedida a axuda por nacemento/adopción de fillo/a no Concello de Monterrei e para tal efecto achegan a seguinte documentación:

❑ Fotocopia compulsada do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.

❑ Fotocopia compulsada do libro de familia. Nos supostos de adopción ou acollemento, ou titoría legal do menor, documentación compulsada acreditativa

❑ Certificación de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

❑ Acreditación pormenorizada dos ingresos da unidade familiar: fotocopia compulsada da declaración do IRPF de todos os membros da unidade familiar ou documento no que consten os ingresos brutos e, de non ser o caso, certificado negativo de Facenda.

❑ Certificado da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.

❑ Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso.

❑ Compromiso dos beneficiarios da axuda (pai/nai e fillo) de permanecer empadroados no municipio durante polo menos un ano posterior ao nacemento, adopción ou acollemento.

Ademais, declaran baixo a súa responsabilidade:

1. Que coñecen as bases da convocatoria e que se someten ás actuacións de comprobación e á achega de documentación que o Concello poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se correspondan cos fins para os que se solicita.
2. Que non están incursos nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Que se comprometen os beneficiarios da axuda (pai/nai e fillo) a permanecer empadroados no Concello de Monterrei durante polo menos un ano posterior ao nacemento, adopción ou acollemento.

Se non cumpren con isto, deberán devolver o importe íntegro da axuda percibida que lle poderá ser reclamada polo concello segundo os trámites legais.
Así mesmo, están obrigados a comunicar calquera cambio que se produza na situación da unidade familiar que poida ter relevancia ou que se tiveran en conta para a concesión da axuda. A ocultación destes cambios pode dar lugar ao reintegro da axuda.

Monterrei, ...de.....de.....

Asdo.:

O alcalde do Concello de Monterrei

Edicto

Anuncio de convocatoria pública de ayudas por nacimiento o adopción de hijos e hijas en el ayuntamiento de Monterrei durante el ejercicio 2017, aprobadas por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 8 de febrero de 2017:

Bases reguladoras de la convocatoria de ayudas por nacimiento o adopción de hijos e hijas en el ayuntamiento de Monterrei durante el ejercicio 2017.

Primera. Objeto y finalidad

El objeto de estas bases es regular las condiciones y régimen jurídico para la concesión de subvenciones por nacimiento de hijo/a, adopción y acogimiento en el Ayuntamiento de Monterrei.

La finalidad de estas ayudas es proporcionar apoyo económico a aquellas familias en las que se produzca el nacimiento, adopción o acogimiento de un nuevo miembro de la unidad familiar, para contribuír a atender las necesidades extraordinarias que sobrevengan.

También se trata de incentivar el asentamiento de la población en nuestro municipio.

Para la consecución de esta finalidad, el Ayuntamiento de Monterrei dotó crédito por el importe de 2.500,00 € en la aplicación presupuestaria 231.480 de su presupuesto para el año 2016.

Segunda. Naturaleza de la ayuda

Las ayudas que se otorguen conforme a este reglamento tienen la naturaleza de subvención directa, conforme a lo establecido en el artículo 22.2 c) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, en la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia y Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento General de Subvenciones y en las bases de ejecución del presupuesto vigente.

Cada nacimiento o cada adopción que cumpla con los requisitos de esta norma será objeto de una ayuda de 300 €.

El abono de la citada cantidad se efectuará en un pago único cuando se resuelva favorablemente su solicitud y será compatible con cualquier otra ayuda que se perciba por este motivo, procedente de otras administraciones.

Tercera. Beneficiarios

Serán beneficiarios de las subvenciones reguladas en estas bases:

1. Los progenitores, ya sean casados, parejas de hecho o familias monoparentales que tuvieran descendencia en el año 2017, siempre que cumplan los demás requisitos exigidos para su reconocimiento. En los supuestos de nulidad, separación o divorcio de los progenitores, el beneficiario de la prestación será aquel que tenga la custodia de los hijos, de acuerdo con los establecido en el convenio regulador o sentencia de separación o divorcio.

2. Los adoptantes o acogedores de niños de hasta 6 años que obtuviesen la resolución judicial en el año 2017, siempre que cumplan los demás requisitos exigidos para su reconocimiento.

Si los solicitantes fuesen extranjeros, podrán solicitar la ayuda los que cumplan las condiciones de la Ley Orgánica 4/2000, sobre Derechos y Libertades de los Extranjeros en España.

En ningún caso podrán ser beneficiarios los progenitores privados de la patria potestad de sus hijos, o si la tutela o guarda fuera asumida por una institución pública.

Cuarta. Requisitos para obtener la subvención

- Ser español o extranjero con residencia legal en España.

- Será requisito imprescindible para el reconocimiento de la subvención que los beneficiarios residan en el municipio con carácter definitivo y acreditado en este ayuntamiento (Por lo menos uno de los dos progenitores, en caso de familias monoparentales. Se entiende por familia monoparental la formada por la madre o el padre que convive con el hijo o hija y constituye el sustentador único de la familia y se acreditará mediante la documentación del juzgado sobre pensión de alimentos o ejercicio de acciones legales para la obtención de esta, sentencia de separación/divorcio, convenio regulador o resolución de medidas paterno-filiales).

- Los beneficiarios deberán hallarse al corriente en las obligaciones tributarias con Hacienda del Estado, de la Xunta de Galicia, con la Seguridad Social y con el Ayuntamiento de Monterrei, cuestión esta última que será comprobada de oficio.

- Que los niños convivan con el solicitante, y que el Ayuntamiento de Monterrei sea el primer empadronamiento.

- Los ingresos brutos de la unidad familiar no superen los 30.000 €.

Quinta. Obligaciones de los beneficiarios

Será requisito para el pago efectivo de la ayuda que las personas beneficiarias se comprometan, mediante documento firmado al efecto a continuar empadronadas en el municipio durante por lo menos un año posterior al nacimiento, adopción o acogimiento.

Será documento acreditativo del cumplimiento de lo dispuesto en este apartado el certificado de empadronamiento y convivencia de la unidad familiar.

Los beneficiarios están obligados a comunicarle al ayuntamiento cualquier circunstancia que modifique las condiciones para la obtención de la subvención y a reintegrar la cuantía concedida cuando se incumpla el compromiso adquirido por su obtención.

El régimen jurídico del reintegro de subvenciones será lo establecido en el título II de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y en la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia.

Sexta. Cuantía de la subvención

Cada nacimiento que tenga lugar o cada adopción que se formalice será objeto de una ayuda de 300 €.

Séptima. Plazo para solicitar la ayuda

El plazo de presentación de solicitudes será durante el año 2017 y enero de 2018.

Octava. Documentación

La solicitud y la documentación se presentará en la oficinas municipales, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 16.4 de la Ley 39/2016, de 26 de noviembre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

El impreso de solicitud (Anexo I) podrá obtenerse en las oficinas del Ayuntamiento de Monterrei y en la página web municipal (www.monterrei.es).

La solicitud de subvención irá suscrita por ambos progenitores (o por uno en el caso de familias monoparentales), acompañada de la siguiente documentación:

1. Fotocopia compulsada del DNI de todos los miembros de la unidad familiar mayores de edad.

2. Fotocopia compulsada del libro de familia.

3. En los supuestos de adopción o acogimiento, o tutoría legal del menor, documentación compulsada acreditativa.

4. Certificado de empadronamiento en el que consten, en el mismo domicilio, la primera alta de los recién nacidos o la alta

de los adoptados y la acreditación de que todos los demás miembros de la unidad familiar residan en Monterrei con anterioridad al nacimiento o formalización de la adopción.

5. Certificación de hallarse al corriente con las obligaciones tributarias y con la Seguridad Social.

6. Fotocopia compulsada de la declaración del IRPF de todos los miembros de la unidad familiar o, en su caso, certificado negativo de Hacienda.

Se podrán solicitar justificantes económicos de todos los miembros de la unidad familiar, referidos al período computable: nóminas, contratos de trabajo, recibos de pensiones, certificados de vida laboral, certificados negativos de pensiones y prestaciones, recibos de cuotas de pago a la Seguridad Social...o cualquier documentación que corresponda a cada caso y que justifique la situación económica.

7. Certificado de la cuenta bancaria en la que se solicita el ingreso de la ayuda.

8. Copia de la sentencia de nulidad, separación o divorcio y del convenio regulador, en su caso.

9. Compromiso de los beneficiarios de la ayuda y del nacido/a de permanecer empadronados en el municipio durante por lo menos un año posterior al nacimiento, adopción o acogimiento.

Novena. Examen de las solicitudes

Una vez revisadas las solicitudes, si no estuviesen debidamente cubiertas o no se presentara la documentación solicitada por el ayuntamiento, se requerirá al interesado para que en el plazo de 10 días enmiende la falta o presente los documentos preceptivos, con la indicación de que, si así no lo hiciese, se entenderá que desiste de su petición, tras la resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el artículo 21 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Décima. Resolución

Los expedientes serán evaluados por los Servicios Sociales, en base a lo establecido en esta norma, y posteriormente resueltos por el alcalde en el plazo de un mes.

Undécima. Responsabilidades

Cualquier falsedad que se detecte dará lugar al no reconocimiento de la ayuda o, en el caso de tenerla percibida ya, a la devolución de esta con los intereses legales correspondientes, independientemente de las responsabilidades administrativas, civiles o penales que se pudiesen exigir.

Disposición final

Para lo no previsto en estas bases se estará a lo dispuesto en la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia, en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y en el Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley General de Subvenciones.

Monterrei, 9 de febrero de 2017. El alcalde.

Fdo.: José Luis Suárez Martínez.

(Ver anexos pág. 8-9)

ANEXO I

Solicitud de ayudas por nacimiento/adopción de hijo/a en el Ayuntamiento de Monterrei durante el año 2017

Datos del progenitor 1/adoptante/acogedor beneficiario

Nombre			
DNI		*Teléfono*	
Dirección para notificación			
Localidad			

Datos del progenitor 2/adoptante/acogedor beneficiario

Nombre			
DNI		*Teléfono*	
Dirección para notificación			
Localidad			

Hijo/a nacido/a o adoptado/a, acogido/a

Nombre y apellidos	
Fecha de nacimiento/adopción/ acogimiento	

Situación de los progenitores

❑ *Matrimonio*	❑ *Separación/divorcio*	❑ *Uniones de hecho*	❑ *Monoparental*

❑ *Autorizo al Ayuntamiento de Monterrei a solicitar los datos necesarios relativos al empadronamiento.*

Solicitan que les sea concedida la ayuda por nacimiento/adopción de hijo/a en el Ayuntamiento de Monterrei y a tal efecto adjunta la siguiente documentación:

❑ *Fotocopia compulsada del DNI de todos los miembros de la unidad familiar mayores de edad.*
❑ *Fotocopia compulsada del libro de familia. En los supuestos de adopción o acogimiento, o tutoría legal del menor, documentación compulsada acreditativa.*
❑ *Certificación de hallarse al corriente con las obligaciones tributarias y con la Seguridad Social.*
❑ *Acreditación pormenorizada de los ingresos de la unidad familiar: fotocopia compulsada de la declaración del IRPF de todos los miembros de la unidad familiar o documento en el que consten los ingresos brutos y, si no es el caso, certificado negativo de Hacienda.*
❑ *Certificado de la cuenta bancaria en la que se solicita el ingreso de la ayuda.*
❑ *Copia de la sentencia de nulidad, separación o divorcio y del convenio regulador, si es el caso.*
❑ *Compromiso de los beneficiarios de la ayuda (padre/madre e hijo) de permanecer empadronados en el municipio durante por lo menos un año posterior al nacimiento, adopción o acogimiento.*

Además, declaran bajo su responsabilidad:

1. Que se conocen las bases de la convocatoria y que se someten a las actuaciones de comprobación y a adjuntar la documentación que el Ayuntamiento pueda acordar para comprobar que las actuaciones a las que se dedique la subvención, en el caso de que nos fuese concedida, se correspondan con los fines para los que se solicita.
2. Que no están incursos en las prohibiciones para obtener la condición de persona beneficiaria, recogidas en el artículo 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia.
3. Que se comprometen los beneficiarios de la ayuda (padre/madre e hijo) a permanecer empadronados en el Ayuntamiento de Monterrei durante por lo menos un año posterior al nacimiento, adopción o acogimiento.

Si no cumplen con esto, deberán devolver el importe íntegro de la ayuda percibida que le podrá ser reclamada por el Ayuntamiento según los trámites legales.
Asimismo, están obligados a comunicar cualquier cambio que se produzca en la situación de la unidad familiar que pueda tener relevancia o que se haya tenido en cuenta para la concesión de la ayuda. La ocultación de estos cambios puede dar lugar al reintegro de la ayuda.

Monterrei, ...de.....de.....

Fdo.:

AL ALCALDE DEL AYUNTAMIENTO DE MONTERREI

R. 546

Monterrei

Edicto

Anuncio de convocatoria pública de subvencións a asociacións do Concello de Monterrei para o exercicio 2017, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro de 2017:

Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a asociacións do Concello de Monterrei para o exercicio 2017

Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión de subvencións a asociacións que desenvolvan a súa actividade dentro do termo municipal de Monterrei, mediante convocatoria pública e a través do procedemento de concorrencia competitiva. Quedarán excluídas desta convocatoria as asociacións de montes veciñais en man común.

O obxectivo das axudas é o de favorecer a realización de actividades, o fomento do asociacionismo municipal e a participación cidadá na actividade municipal, promovidas polas entidades ás que vai dirixida esta convocatoria e que se desenvolvan no ano 2017. O programa deberá ser viable tendo en conta o orzamento da entidade e os medios dos que dispón.

As accións financiadas coa subvención que se perciba ao abeiro desta convocatoria deberán executarse con estrito sometemento á normativa vixente que sexa de aplicación, tanto dende o punto de vista fiscal como laboral, e outros de semellante natureza.

Os programas para os que se solicita a subvención deberán referirse a:

a) Actividades de carácter sociocultural, deportivo, recreativo e formativo.

b) Actividades de promoción do asociacionismo e da participación cidadá na vida pública.

c) Actividades de fomento do desenvolvemento sostible e aquelas accións encamiñadas á utilización de novas tecnoloxías.

d) Actividades de promoción da igualdade entre mulleres e homes e prevención da violencia de xénero.

e) Gastos derivados de equipamento da asociación e mellora dos locais onde desenvolva a súa actividade.

Segunda. Beneficiarios

Poderán solicitar as subvencións reguladas nesta convocatoria as asociacións con domicilio social no municipio de Monterrei, con exclusión das asociacións de montes veciñais en man común.

Terceira. Financiamento

A concesión destas subvencións outorgarase con cargo á aplicación 338.480 do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2017, no que se reservou para tal fin o correspondente crédito orzamentario, por un importe globalmente considerado de 3.000,00 €.

Cuarta. Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación

1) As solicitudes segundo o modelo de instancia normalizado (anexo I), subscritas polo representante legal da entidade interesada, irán dirixidas ao alcalde do concello, mediante a presentación no Rexistro Xeral do concello ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2) O prazo de presentación será dun (1) mes a partir da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

3) As solicitudes deberán formularse achegando a seguinte documentación:

3.1. Documentación administrativa:

a. Instancia dirixida ao alcalde no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

b. Fotocopia do CIF da entidade e do DNI da persoa física que a representa.

c. Certificación da conta bancaria da entidade expedida polo banco ou caixa correspondente.

d. Declaración responsable segundo o modelo recollido como anexo II destas bases, comprensiva do feito de non atoparse incursa a entidade solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse ao día nas súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria do Estado e Consellería de Facenda da Xunta) e de Seguridade Social.

e. Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto de subvencións e axudas solicitadas para os mesmos fins, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo recollido no anexo III.

3.2. Documentación obrigatoria para a valoración das solicitudes:

a. Memoria explicativa detallada da actividade para a que se solicita a subvención, conforme co modelo recollido no anexo IV.

b. Orzamento de ingresos e gastos previstos para a realización das actividades, conforme co modelo recollido no anexo V.

c. Memoria de actividades dos catro anos anteriores, segundo o modelo do anexo VI.

Quinta. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables os gastos derivados de equipamento e mellora dos locais da asociación e da realización das actividades subvencionadas, sempre que se atopen incluídos nos supostos definidos polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta. Procedemento de concesión

A instrución e ordenación do procedemento de concesión das axudas obxecto destas bases correspóndelle á Alcaldía.

Unha vez presentada a solicitude, comezarase a instrución do expediente coa comprobación da corrección da documentación achegada. Unha vez examinada a documentación, a Alcaldía poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a emenda das deficiencias materiais detectadas. Unha vez transcorrido o dito prazo, se é o caso, procederase de conformidade coas seguintes regras:

a. Con respecto ás entidades que non achegasen de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

b. Con respecto ao resto de entidades, proporase a súa admisión a trámite e pasarase á Comisión de Valoración para que formule proposta de valoración das solicitudes conforme aos criterios recollidos nestas bases.

Sétima. Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: o alcalde ou concelleiro no que delegue.
- Vogais: a traballadora social e o axente de emprego.
- Secretario: o secretario-interventor do concello.

Oitava. Criterios de valoración para a concesión de subvencións, así como para a fixación da súa contía, serán os seguintes:

- A continuidade, estabilidade e solvencia da entidade solicitante no ámbito no que vaia desenvolver a actividade (ata 10 puntos).
- A orixinalidade do programa ou actividades que desenvolva, o interese xeral e a súa incidencia no ámbito municipal (ata 10 puntos).
- Número estimado de beneficiarios das actividades que desenvolve a entidade (ata 10 puntos).
- Potenciación do idioma/cultura galegos (ata10 puntos)

Novena. Contía máxima da subvención

Ningunha entidade pode percibir ao abeiro desta convocatoria unha contía superior aos 500 €.

Décima. Resolución

A proposta da Comisión de Valoración elevaráselle á Xunta de Goberno Local do concello, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de tres meses dende o remate do prazo de corrección de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falta de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

A resolución seralle notificada a todos os solicitantes.

Undécima. Publicidade da concesión

O acordo de outorgamento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Monterrei e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense, con expresións das entidades beneficiarias e da contía das subvencións concedidas.

Décimo segunda. Publicidade da subvención por parte do beneficiario

O beneficiario da subvención deberá adoptar medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento da súa actividade, debendo realizar como mínimo as seguintes medidas de difusión:

- Inclusión da imaxe instuticional do Concello de Monterrei ou dunha lenda alusiva ao feito de que a actividade está subvencionada polo concello, nos carteis e materiais impresos da súa actividade ou, de ser o caso, na páxina web da entidade.

- Comunicarlle ao concello a realización de cada un dos eventos ou actividades subvencionadas cunha antelación mínima de 15 días naturais.

Décimo terceira. Xustificación

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria deberán estar xustificadas antes do 30 de novembro de 2017.

De maneira xustificada a Xunta de Goberno Local poderá conceder unha prórroga no prazo indicado.

A documentación xustificativa será a seguinte:

a) Instancia subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria da subvención na que solicite o seu pagamento.

b) Conta xustificativa, segundo establece o artigo 75.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, integrada polos seguintes documentos:

- Memoria detallada das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo. Deberá adaptarse ao proxecto presentado na solicitude. No caso de non facelo así, reducirase a subvención proporcionalmente ao importe xustificado.

- Relación numerada dos documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade ou proxecto subvencionado con expresión mínima do número de factura, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data de pagamento (anexo VII).

- Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia (anexo VIII)

- Orixinais ou copias cotexadas das facturas xustificativas dos gastos.

A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade.

c) Acreditación das medidas de difusión adoptadas. Incluirase unha copia dos documentos gráficos ou outros medios nos que conste que a actividade foi subvencionada polo Concello de Monterrei.

Décimo cuarta. Requisitos dos documentos legais de xustificación do gasto

Os documentos que se acheguen como xustificante da subvención deberán cumprir os requisitos seguintes:

a) Deberase achegar o orixinal ou unha copia compulsada de cada un dos documentos que se presenten.

b) As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, ademais de estar datadas no período subvencionable (dentro do exercicio 2017) e contar co selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pagamento.

En ningún caso se admitirán cartas de recepción.

Décimo quinta. Pagamento

O pagamento realizarase unha vez xustificada de modo completo a subvención concedida mediante transferencia á conta correspondente sinalada pola entidade beneficiaria. A falta de acreditación de gastos, así como as deficiencias non susceptibles de emenda que se observen na conta xustificativa que presente o beneficiario, dará lugar a perda automática da cantidade subvencionada.

Décimo sexta. Aceptación da subvención e compromisos

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo dos 10 días seguintes á recepción da notificación da concesión non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios da subvención, unha vez aceptada, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas

Os beneficiarios someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo Concello cos medios que estime oportunos e facilitarán canta información lles sexa requirida. Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións.

Décimo sétima. Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas.

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas ou privadas, concedidas por administracións distintas do propio Concello de Monterrei para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto subvencionado. Para o cálculo do gasto tamén se terán en conta as achegas que, se é o caso, fagan as persoas que participen nas actividades en conceptos de cotas de inscrición. Os ingresos que perciba a entidade por este concepto tamén serán declarados na conta xustificativa da subvención. No suposto de que a suma da subvención municipal máis os ingresos por outros conceptos (subvencións, achegas dos participantes...) supere o 100% do custo do proxecto, a subvención será reducida ata chegar ao 100% do custo.

Décimo oitava. Reintegro de subvencións

No caso de incumprimento da entidade por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, tramitarase un expediente de reintegro, ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obriga de reintegro ou a perda do dereito á subvención poderá ser total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento do beneficiario, graduándose o acordo co principio de proporcionalidade.

Disposición final

En todo o non especificado nestas bases ateranse ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tamén se aplicará a lexislación vixente en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A documentación e os anexos poderanse obter nas oficinas municipais de luns a venres, en horario de 9.00 a 14.00 h ou na páxina web municipal www.monterrei.es.

Monterrei, 9 de febreiro de 2017. O alcalde.

Asdo.: José Luis Suárez Martínez.

ANEXO I

(Solicitude)

Apelidos e nome	DNI	Teléfono
Entidade á que representa		CIF
Enderezo		Municipio-Provincia
Correo electrónico		

EXPOÑO:

Que a entidade á que represento cumpre os requisitos esixidos na convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións a asociacións do Concello de Monterrei para o ano 2017.

Asumo todos os compromisos reflectidos na dita convocatoria e presento a seguinte documentación esixida nesta:

- Solicitude (anexo I).
- Fotocopia do CIF da entidade e do DNI de persoa física que a representa.
- Certificación de titularidade de conta bancaria.
- Declaración responsable (anexo II).
- Declaración de axudas (anexo III).
- Memoria (anexo IV).
